

Tel.: 981 71 40 00

Fax: 981 71 50 28

E-mail:

CIF: P1506900H



concello@ponteceso.net

REL. : 01150682  
RELG.: MU 2000/15

## **CONCELLO DE PONTECESO**

Rúa Concello, 18  
15110 Ponteceso (A Coruña)

### **PROXECTO ORDENANZAS NON FISCAIS**

O Concello de Ponteceso acordou na sesión Pleno de data 29-01-2018 a aprobación inicial da Ordenanza municipal reguladora de plantacións e talla de masas arbóreas. Publicouse aos efectos de información pública no BOP núm. 58, do 26 de marzo de 2018. Durante o prazo de exposición pública presentáronse alegacións por FARMAGA.

A elaboración da Ordenanza comezouse no mes de decembro de 2017, se ben a Lei 5/2017, do 19 de outubro, e sobre todo a modificación da Lei 7/2012, de montes de Galicia, polo disposto na Lei 9/2017, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas de Galicia, levan a ter que adaptar o contido da Ordenanza inicialmente aprobada á normativa de aplicación. Por todo isto, considerando a Instrución 1/2018, do 26 de abril, da Consellería de Medio Rural, a alcaldía considera oportuno estimar as alegacións presentadas por FARMAGA, e propoñer ao Pleno a revocación do acordo de aprobación inicial e propoñer dúas novas ordenanzas non fiscais que regulen a "Protección e conservación dos camiños e vías públicas municipais en relación coas operacións de saca de madeira" e "Xestión da biomasa e distancias das plantacións".

En cumprimento do establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, artigos 128 e seguintes, de cara ao cumprimento dos principios de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, da Lei 19/2013, do 9 de decembro, deberanse definir claramente os obxectivos das iniciativas normativas e xustificar no seu preámbulo e posibilitarán que os destinatarios teñan unha participación activa na elaboración das normas.

Deberanse evitar cargas administrativas innecesarias aos interesados, cumprindo o principio de eficiencia, polo que se presentan dúas ordenanzas non fiscais que tenden a simplificar os trámites a realizar polos interesados.

A ordenanza de protección e conservación de camiños municipais considérase urxente na súa tramitación, xa que o aprobárase inicialmente a Ordenanza reguladora de plantacións e talla, derrogouse a Ordenanza fiscal núm. 20 que viña a regular o mesmo obxecto, polo que neste intre non se ten ordenanza de aplicación. En canto á de xestión de biomasa, a Instrución de Medio Rural 1/2018 contempla unha serie de obrigas ás persoas responsables, entre outras a da obriga da súa xestión antes do 31 de maio de cada ano, e ao mesmo tempo establece as competencias municipais na materia, polo que a ordenanza desenvolve os citados preceptos, sen ir máis lonxe na súa regulación. Por todo isto e considerando o disposto no artigo 133 da Lei 39/2015, se procede á consulta pública pola que se recaba a opinión dos interesados e das organizacións máis representativas polas futuras ordenanzas. Pola aplicación do disposto no apartado 3 do devandito artigo pódese prescindir ao concorrer as circunstancias nel establecidas.

Se ben no cumprimento do principio de transparencia se da difusión ao proxecto de Ordenanzas, por medio da difusión na sede electrónica municipal, e polo período de cinco días hábiles, quedando a dispor dos interesados o texto íntegro dos proxectos, para que poidan presentar suxerencias ás mesmas:

### **ORDENANZA MUNICIPAL PARA A PROTECCIÓN E CONSERVACIÓN DOS CAMIÑOS E VÍAS PÚBLICAS MUNICIPAIS EN RELACIÓN COAS OPERACIÓNS DE SACA DE MADEIRA.**

#### **Preámbulo.**

A presente ordenanza ten como finalidade primordial a de velar pola debida conservación dos camiños e vías públicas municipais, en relación cos danos e desperfectos que poden sufrir os mesmos, como consecuencia das operacións de saca de madeira, comprendéndose dentro desta tanto as operacións preparatorias da corta da madeira como as posteriores. Resulta tamén prioritario a interese en protexer ás persoas, vivendas e outras edificacións nos supostos de incendios forestais; e para isto considérase esencial que as vías de acceso ás zonas rurais e forestais se atopen sempre en perfecto estado.

O uso dos camiños e vías públicas municipais en condicións óptimas é un dereito de toda a comunidade de usuarios, e esixe dunha intervención administrativa que regule as condicións nas que se deben de realizar as operacións de saca de

Tel.: 981 71 40 00

Fax: 981 71 50 28

E-mail:



concello@ponteceso.net

CIF: P1506900H

REL. : 01150682  
RELG.: MU 2000/15

## **CONCELLO DE PONTECESO**

Rúa Concello, 18  
15110 Ponteceso (A Coruña)

madeira nos montes e parcelas do Concello, tanto públicos como privados, xa que son por todos coñecidos os importantes danos e desperfectos que ás veces ocasionan estas actividades nos nosos camiños.

Os investimentos realizados nos últimos anos nas vías públicas e na rede de camiños municipais para rehabilitar pistas e camiños de titularidade municipal induce a implantar unha normativa que sen interferir na actividade económica forestal, que tanta importancia ten neste concello, protexa a rede viaria municipal e o medio rural, garantindo os accesos aos núcleos de poboación, vivendas illadas, e explotacións agro-gandeiras e forestais de Ponteceso.

Trátase, en definitiva, con esta ordenanza, de facer compatible a actividade de aproveitamento forestal coa preservación do medio natural, a protección paisaxística, a conservación dos camiños municipais e a seguridade vial.

### **Artigo 1. Obxecto.**

A presente ordenanza ten por obxecto a protección e conservación dos camiños e vías públicas municipais fronte os danos e desperfectos que poden sufrir os mesmos como consecuencia das sacas de madeira que se produzan dentro do termo municipal de Ponteceso.

### **Artigo 2. Fundamento.**

A regulamentación por medio da presente ordenanza das operacións de saca de madeira fundaméntase no uso das competencias que lle atribúen ao Concello os artigos 4.1.a), 25.2.d) e 84 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local; os artigos 6.1.a), 80.2.d) e 286 e seguintes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia; e os artigos 3.1 e 74 e seguintes do R.D. 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Corporacións Locais.

A intervención a través de comunicación previa para a protección do dominio público viario e a regulación do procedemento e comunicación necesario, para a súa verificación posterior, fundaméntase nos artigos 4 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, e 69 da Lei 39/2015, e nos artigos 84.c), 84 bis e 84 ter da Lei 7/1985, LRBRL.

### **Artigo 3. Ámbito de aplicación.**

1.- Para os efectos desta ordenanza, enténdese por operacións de saca de madeira a totalidade das que se desenvolvan para a obtención de madeira de tala, tanto as previas á corta de madeira (desprazamento de vehículos e/ou maquinaria, preparación dos terreos, accesos ás fincas) como as posteriores (preparación, depósito, carga e transporte) a realizar no termo municipal de Ponteceso.

2.- Quedan excluídas do ámbito de aplicación desta ordenanza:

- as tallas puntuais de exemplares de árbores illadas.
- as podas e refaldes en plantacións forestais.
- o clareo de rebrotes de cepa de menos de tres anos.
- os traballos de desbroce e limpeza de predios e montes.
- as tallas que teñan por finalidade os aproveitamentos para uso doméstico ata 5 Tm, ou a eliminación dunha situación de perigo para as persoas ou bens.

### **Artigo 4. Comunicación previa.**

1.- Para garantir a conservación dos camiños e vías públicas municipais con motivo da execución de operacións de saca de madeira dentro do termo municipal de Ponteceso, será obrigatorio presentar nas oficinas municipais, con 10 días hábiles de antelación á data prevista para o inicio da súa execución, un escrito de comunicación previa, conforme ao modelo contemplado no Anexo desta ordenanza, e sen prexuízo da obtención dos permisos e/ou autorizacións sectoriais que, conforme á normativa vixente, sexan necesarios para cortar montes ou terreos forestais.

2.- O escrito de comunicación previa deberá estar asinado polo madeireiro, e nel deberán constar os seguintes datos:

- Datos de identificación do madeireiro e do propietario forestal:
  - Persoa física: nome, apelidos, NIF, enderezo e teléfono.
  - Persoa xurídica: razón social, NIF, enderezo, teléfono, nome, apelidos e NIF do representante da empresa.
- Datas previstas de inicio e remate dos traballos de saca de madeira.
- Identificación da finca ou monte afectado, lugar e parroquia onde se sitúa.

Tel.: 981 71 40 00

Fax: 981 71 50 28

E-mail:



concello@ponteceso.net

CIF: P1506900H

REL. : 01150682  
RELG.: MU 2000/15

### **CONCELLO DE PONTECESO**

Rúa Concello, 18  
15110 Ponteceso (A Coruña)

- Especie de madeira obxecto da corta.
- Toneladas métricas de madeira que se prevén extraer.
- Modelo, matrícula e peso máximo autorizado dos vehículos e maquinaria a empregar nas operacións a desenvolver.
- Lugares previstos para depósito da madeira á espera da súa carga.
- Camiños e vías municipais a empregar nas operacións de saca de madeira.

3.- Xunto co escrito de comunicación previa, deberase aportar a seguinte documentación:

- Fotocopia compulsada do NIF do madeireiro.
- No seu caso, copia da solicitude de autorización para aproveitamento madeireiro, ou da notificación, ante o organismo que corresponda, de conformidade co disposto na Lei 7/2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia e Decreto 50/2014, do 10 de abril.
- Ficha catastral dos montes e/ou parcelas afectados/as.
- Plano indicativo dos camiños e vías a empregar nas operacións de saca de madeira.
- Plano indicativo das zonas elixidas para depósito da madeira.

4.- Poderase facer unha comunicación previa para varios montes e/ou parcelas cando os traballos vaian a realizarse simultaneamente. Neste caso deberán constar na comunicación os seus datos identificativos (conforme ao establecido nos apartados anteriores deste artigo e no Anexo), incorporando a correspondente ficha catastral.

5.- No caso de que se incumpra a obriga de comunicación previa establecida neste artigo, o Concello poderá suspender os actos de saca de madeira que se estean realizando, e proceder de conformidade co establecido nos apartados 2º e 3º do seguinte artigo.

6.- Unha vez presentada no rexistro xeral do Concello, por calquera dos medios establecidos na Lei 39/2015, a documentación sinalada nos apartados 2º e 3º deste artigo, e previamente ao inicio dos traballos de saca de madeira, os servizos técnicos urbanísticos municipais ou ben os funcionarios da Policía Local, comprobarán o estado físico dos camiños e vías que vaian ser utilizados, obtendo as fotografías que sexan pertinentes para acreditar a súa realidade física, emitindo o seu informe que se incorporará ao expediente.

7.- O Concello, excepcionalmente, poderá denegar ou limitar o acceso e/ou o depósito por calquera das vías ou zonas indicadas no escrito de comunicación previa, de forma motivada, tendo en conta o seu estado, a resistencia do seu firme, a súa ubicación, a súa utilización na data solicitada para outros fins, ou calquera outra causa xustificada.

8.- No caso de que se incumpra a obriga de presentar o escrito de comunicación previa establecida neste artigo, o concello suspenderá os actos de saca de madeira que estean a realizar. Neste suposto, o concello, requirirá á persoa responsable, madeireiro ou propietario, outorgándolle o prazo que se considere oportuno para o seu cumprimento, que non poderá exceder dun mes. Cando o madeireiro non poida ser identificado, será responsables do cumprimento da obriga os propietarios dos montes ou parcelas de que se trate. O disposto neste apartado, enténdese sen prexuízo da imposición das sancións que correspondan polo incumprimento desta ordenanza.

9.- Se o escrito de comunicación previa ou a documentación se presentara incompleta, requirirase ao interesado, ao abeiro do artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, para que no prazo de 10 días hábiles presente as emendas, aclaracións ou subsanacións, coa advertencia de que namentres quedará suspendido o procedemento. O incumprimento ou o defectuoso acatamento do requirimento levará consigo a resolución do expediente co desistimento, segundo o establecido no artigo 21 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

10.- O Concello terá o prazo de quince días hábiles para declarar completa a documentación presentada, sen contar as posibles suspensións do procedemento que poida haber. Rematado o prazo sen ditar a resolución na que se declare completa a documentación presentada, os seus efectos serán de silencio positivo.

Tel.: 981 71 40 00

Fax: 981 71 50 28

E-mail:

CIF: P1506900H



concello@ponteceso.net

REL. : 01150682  
RELG.: MU 2000/15

## **CONCELLO DE PONTECESO**

Rúa Concello, 18  
15110 Ponteceso (A Coruña)

### **Artigo 5. Obrigas.**

1.- Son obrigas do madeireiro encargado de realizar as operacións de saca da madeira as seguintes:

- Presentar nas oficinas municipais o escrito de comunicación previa nos termos indicados no artigo anterior.
- Sinalizar os viais situados nas zonas de extracción e depósito da madeira, conforme ao establecido na normativa vixente en materia de tráfico, circulación e seguridade vial
- Limpar, retirar ou eliminar os residuos procedentes da corta da madeira e das operacións de carga e almacenamento, de xeito que as pistas, camiños ou espazos públicos queden en todo momento no mesmo estado de limpeza e conservación que tiñan antes de levarse a cabo esas operacións. Esta obriga deberá cumprirse todos os días ao final da xornada de traballo.
- Limpar as superficies dos montes e terreos forestais de xeito que non queden restos ou materiais que poidan constituír risco de incendio.
- Repor ao seu estado anterior as ramplas abertas para facilitar o acceso ás fincas ou montes.
- Responder dos danos e desperfectos ocasionados nos lugares da tala, viais de acceso, instalacións e demais infraestruturas, como consecuencia da realización das actividades de saca de madeira.
- Constituír a garantía a prol do Concello, conforme ao establecido no artigo 6. 2.

2- En caso de que o madeireiro incumpra algunha das obrigas contidas no apartado anterior, o Concello requirirá para o seu cumprimento, outorgándolle o prazo que se considere oportuno en cada caso, sen que poda exceder dun mes. Cando o madeireiro non puidera ser identificado, serán responsables do cumprimento desas obrigas os propietarios dos montes e/ou parcelas de que se trate.

3.- O disposto no apartado anterior deste artigo, enténdese sen prexuízo da imposición das sancións que correspondan polos incumprimentos desta ordenanza, conforme ao establecido nos artigos 8 a 12 da mesma.

### **Artigo 6. Garantía.**

1.- Para responder das obrigas establecidas nesta ordenanza, o madeireiro deberá depositar garantía a prol do Concello, en calquera das formas establecidas no Texto Refundido da Lei de Contratos del Sector Público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro.

2.- Os servizos técnicos municipais, á vista do escrito de comunicación previa e da documentación sinalada no artigo 4 emitirán un informe, no prazo de dez días hábiles a contar dende o seguinte ao da súa presentación, onde concretarán o importe da garantía en función das características das operacións a realizar. Para a súa fixación, teranse en conta, entre outras circunstancias, o peso da madeira que se vai extraer, segundo o seguinte:

- Garantía para conservación de camiños, incluída a limpeza dos lugares de depósito e a limpeza propia dos camiños ou viais municipais utilizados: 1'50 €/ Tm. de madeira extraída, cun mínimo de 300 €.

Os servizos técnicos tamén terán en conta para fixar o importe da garantía o peso dos vehículos e/ou maquinaria que se vai utilizar e o estado dos viais municipais que se utilizarán para o seu tránsito, para cuantificación dos posibles danos que se poidan ocasionar aos mesmos.

A persoa responsable poderá optar por constituír a garantía mediante un ingreso en metálico na caixa da Corporación, ou entidade financeira sinalada para o efecto.

Para acadar unha maior axilidade na tramitación de expedientes de comunicación previa os interesados que habitualmente realicen traballos forestais pola rede viaria municipal poderán optar pola constituición da garantía por medio dun depósito en metálico por cada comunicación previa tramitada, ou ben realizar un único depósito en metálico polo importe alzado de 6.000,00 euros. Neste último caso o depósito terá unha duración de un ano. Ao seu vencemento o titular poderá solicitar a cancelación e devolución ou ben continuar co mesmo, sempre afecto ao cumprimento da obriga da reposición dos danos que se poidan causar aos viais e camiños municipais por mor dos traballos a realizar e das outras obrigas establecidas no artigo 5.

Tel.: 981 71 40 00

Fax: 981 71 50 28

E-mail:



concello@ponteceso.net

CIF: P1506900H

REL. : 01150682  
RELG.: MU 2000/15

## **CONCELLO DE PONTECESO**

Rúa Concello, 18  
15110 Ponteceso (A Coruña)

3.- A persoa responsable deberá depositar a garantía na Tesourería Municipal, no prazo de cinco días hábiles a contar dende a recepción da comunicación na que se lle dará traslado do informe técnico no que se estableza a súa contía, e en todo caso, con anterioridade á data prevista do comezo dos traballos da saca de madeira.

4.- No caso de que se incumpra a obriga a que se refire o apartado anterior, o Concello poderá suspender os actos de saca de madeira que se estean realizando, e proceder de conformidade co establecido no artigo 5.2 desta ordenanza.

5.- Unha vez rematados os traballos de saca de madeira e presentada a comunicación no concello, os Servizos Técnicos Municipais deberán emitir un informe, no prazo de cinco días hábiles, no que se deixe constancia do cumprimento ou incumprimento das obrigas das que a garantía debe responder.

6.- No caso do cumprimento, o Concello devolverá a garantía previo informe favorable dos Servizos Técnicos Municipais, no que quede reflectido que non se causaron danos nin desperfectos nas vías e infraestruturas públicas municipais, e de que as pistas, camiños ou espazos públicos utilizados se atopan en perfecto estado de conservación e limpeza unha vez rematados os traballos. No caso de que a persoa responsable optara pola constitución do depósito a tanto alzado que cubra outros traballos, segundo o apartado 2 deste artigo o mesmo quedará afecto ao cumprimento das outras obrigas que legalmente correspondan ao seu titular.

7.- En caso de incumprimento, o Concello procederá de conformidade co establecido no artigo 5.2 desta ordenanza. Transcorrido o prazo outorgado no requirimento, si este foi atendido, o Concello devolverá a garantía, previo informe favorable dos Servizos Técnicos Municipais. Transcorrido ese prazo sen que se de cumprimento ao requirimento, o Concello acordará a realización dos traballos que sexan necesarios, mediante á execución subsidiaria a costa do obrigado, sobre o importe da garantía depositada.

8.- Cando as cantidades depositadas en concepto de garantía resulten insuficientes para sufragar os traballos mencionados no parágrafo anterior, liquidarase e recadarase a diferenza en concepto de ingreso de dereito público.

### **Artigo 7. Prohibicións.**

O madeireiro encargado de realizar as operacións de saca da madeira deberá respectar as seguintes prohibicións:

- Iniciar os traballos de talla sen contar cos permisos e/ou autorizacións sectoriais correspondentes.
- Iniciar os traballo de talla sen a presentación da comunicación previa para a obtención da autorización municipal
- Usar as vías públicas para almacén ou depósito da madeira. Os depósitos de rolla, ramas ou podalla, non poderán invadir as zonas de circulación de vehículos e persoas, nin menoscabar as infraestruturas anexas aos viais, nin supoñer un risco para os usuarios da vía.
- Efectuar desprazamentos de terra que polas súas características deban ser considerados como movementos de terra.

### **Artigo 8. Infraccións.**

1.- Constitúen infraccións a esta ordenanza as accións ou omisións tipificadas como moi graves, graves e leves, de conformidade co disposto nos apartados 2º, 3º e 4º deste artigo.

2.- Serán infraccións moi graves:

- a) Realizar calquera das actividades relacionadas coa saca de madeira sen o previo depósito da garantía no importe que corresponda.
- b) Non presentar o escrito de comunicación a que se refire o artigo 4.2 desta ordenanza, unha vez requirido polo Concello e dentro do prazo establecido no requirimento.
- c) Non achegar a documentación sinalada no artigo 4.3 desta ordenanza, unha vez requirido polo Concello e dentro do prazo establecido no requirimento.
- d) Non realizar os traballos necesarios para que as infraestruturas, pistas, camiños e/ou espazos públicos municipais utilizados se manteñan en perfecto estado de conservación e limpeza unha vez rematados os traballos, unha vez requirido polo Concello e dentro do prazo establecido no requirimento.
- e) Ocultar ou falsear calquera dos datos a que se refire o artigo 4.2 desta ordenanza.

Tel.: 981 71 40 00

Fax: 981 71 50 28

E-mail:

CIF: P1506900H



concello@ponteceso.net

REL. : 01150682  
RELG.: MU 2000/15

### **CONCELLO DE PONTECESO**

Rúa Concello, 18  
15110 Ponteceso (A Coruña)

f) Ocultar ou falsear a documentación relacionada no artigo 4.3 desta ordenanza.

g) Realizar os traballos de saca de madeira usando infraestruturas, pistas, camiños e/ou espazos públicos municipais respecto dos cales se tivese denegado por parte do Concello a súa utilización, de conformidade co disposto no artigo 4.7.

h) Deixar as vías públicas municipais nun estado que supoña unha situación de risco para a seguridade vial, segundo o informe municipal que se emita.

i) A comisión, nun prazo dun ano, de dúas faltas graves que sexan firmes na vía administrativa.

3. Serán infraccións graves:

a) Non presentar o escrito de comunicación previa (aínda que se achegue despois de ser requirido polo Concello).

b) Deixar as vías municipais en deficiente estado, segundo o informe municipal que se emita.

c) Non demoler ou non repor ao seu estado orixinal as ramplas ou accesos que se construíron ou abriron para entrar nos terreos.

d) A comisión, nun prazo dun ano, de dúas faltas leves, que sexan firmes na vía administrativa.

4.- Serán infraccións leves:

Calquera outro incumprimento dos requisitos, obrigas e/ou prohibicións establecidas nesta ordenanza, e que non estea cualificada como moi grave ou grave.

5.- Na valoración da gravidade das infraccións teranse en conta a existencia de intencionalidade, a natureza dos prexuízos causados, a reiteración dos feitos, a capacidade económica do infractor e a intensidade dos danos causados ás vías públicas e/ou aos usuarios das mesmas.

#### **Artigo 9. Responsables.**

1.- Serán responsables da tramitación da comunicación previa, cumprimento do establecido na presente ordenanza e, no seu caso, das infraccións sinaladas no artigo anterior as persoas físicas e xurídicas que as cometan en calidade de propietarios ou madeireiros.

2.- Os propietarios dos montes e/ou parcelas serán responsables das infraccións de que se trate no suposto de non identificar aos madeireiros, unha vez sexan requiridos polo Concello, e transcorrido o prazo de dez días hábiles a contar dende o seguinte ao da recepción do requirimento.

#### **Artigo 10. Sancións.**

1.- As infraccións desta ordenanza serán sancionadas coas seguintes multas:

– Infraccións leves: multa de ata 300,00 euros.

– Infraccións graves: multa de contía comprendida entre 300,01 euros e 1.000,00 euros.

– Faltas moi graves: multa de contía comprendida entre 1.000,01 euros e 3.000,00 euros.

2.- Na gradación das sancións deberase gardar a axeitada adecuación entre a gravidade da infracción cometida e a sanción aplicada.

3.- A imposición das sancións que procedan non eximirá aos responsables de realizar os traballos de limpeza que sexan necesarios, da reparación dos danos causados e de indemnizar polos prexuízos e perdas a que houbese lugar.

#### **Artigo 11. Órganos competentes.**

1.- Será órgano competente para iniciar o procedemento sancionador o alcalde ou concelleiro en quen delegue.

2.- A función instrutora exercerase pola autoridade ou funcionario que designe o órgano competente para a incoación do procedemento, sen que poida recaer en quen tivera competencia para resolver o mesmo.

3.- Será órgano competente para resolver o procedemento sancionador a Alcaldía.

#### **Artigo 12. Procedemento sancionador.**

Tel.: 981 71 40 00

Fax: 981 71 50 28

E-mail:

CIF: P1506900H



concello@ponteceso.net

REL. : 01150682  
RELG.: MU 2000/15

**CONCELLO DE PONTECESO**

Rúa Concello, 18  
15110 Ponteceso (A Coruña)

A imposición das sancións requirirá a tramitación do correspondente procedemento, de conformidade co disposto nos artigos 25 a 31 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

**DISPOSICIÓNS FINAIS.**

**Primeira.-** Habílase á Alcaldía para ditar as disposicións ou instrucións que resulten necesarias para a interpretación, desenvolvemento e aplicación da presente ordenanza.

**Segunda.-** En cumprimento do disposto no artigo 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, a presente ordenanza entrará en vigor unha vez que se publique o seu texto integramente no Boletín Oficial da Provincia e transcorra o prazo de quince días hábiles previsto no artigo 65.2 do citado texto legal

000

**ORDENANZA MUNICIPAL NON FISCAL REGULADORA DA XESTION DA BIOMASA E DISTANCIAS DAS PLANTACIONES DO CONCELLO DE PONTECESO.**

**EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

De conformidade coa potestade regulamentaria atribuída polos artigos 4.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora do Réxime Local e 6.1 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia, o Concello de Ponteceso a medio da presente Ordenanza propónse a regulación da xestión da biomasa e da distancia das plantacións, no solo urbano, de núcleo rural e urbanizable, no ámbito das súas competencias co obxecto de conseguir as axeitadas condicións de salubridade e seguridade para previr e evitar os incendios, protexendo dos mesmos as infraestruturas e equipamentos sociais, as zonas edificadas e as áreas forestais e naturais de valor especial.

**CAPÍTULO I. DISPOSICIÓNS XERAIS**

**Artigo 1.- Fundamento**

A presente Ordenanza é de aplicación no marco do disposto na Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, na Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e o Decreto 143/2016, do 22 de setembro, que aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do solo de Galicia e Lei 6/2011, do 13 de outubro, de mobilidade de terras.

**Artigo 2- Finalidade**

Está Ordenanza ten natureza non fiscal, e a súa finalidade é establecer as condicións para levar adiante a xestión da biomasa e a fixación das distancias para plantacións nos terreos clasificados como urbanos, de núcleo rural ou urbanizables delimitados sites no termino municipal de Ponteceso, e no resto dos terreos, consonte á Instrución 1/2018, do 26 de abril, da Consellería do Medio Rural, dentro das competencias que legalmente lle corresponden ao Concello de Ponteceso.

O Concello de Ponteceso ten a competencia para vixiar o cumprimento e impoñer o cumprimento forzoso das seguintes obrigas:

- a) Obriga de xestión da biomasa vexetal e de retirada de árbores das especies sinaladas na disposición adicional terceira da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, no ámbito das redes de faixas secundarias de xestión de biomasa, nunha franxa de 50 metros:

1º.- Perimetral ao solo urbano, de núcleo rural e urbanizable.

Tel.: 981 71 40 00

Fax: 981 71 50 28

E-mail:

CIF: P1506900H



concello@ponteceso.net

REL. : 01150682  
RELG.: MU 2000/15

## **CONCELLO DE PONTECESO**

Rúa Concello, 18  
15110 Ponteceso (A Coruña)

2º- Arredor das edificacións, vivendas illadas, urbanizacións, depósitos de lixo, cámpings, gasoleiras e parques e instalacións industriais situados a menos de 400 metros do monte.

3º.- arredor das edificación silladas en sólo rústico situadas a máis de 400 metros do monte.

- b) Obriga de xestión da biomasa vexetal e retirada de árbores das especies sinaladas na disposición adicional terceira da Lei 3/2007, do 9 de abril, nunha faixa perimetral de 50 metros arredor das novas instalacións destinadas a explotacións agrícolas, gandeiras e forestais e as vivendas vinculadas a estas, así como as novas urbanizacións e edificacións que afecten zonas de monte ou de influencia forestal, non teñan continuidade inmediata coa trama urbana e que sexan estremeiras con monte ou con zonas de influencia forestal.

### **Artigo 3.- Ámbito de aplicación**

A presente Ordenanza é de obrigado cumprimento para as persoas responsables conforme ao definido no artigo 4, que teñan o seus terreos dentro do termo municipal de Ponteceso. Conforme o disposto no artigo 4.2 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da Administración local de Galicia, a presente Ordenanza será de aplicación en todo o non previsto pola lexislación básica.

### **Artigo 4.- Persoas responsables. Notificación das comunicacións e requirimentos ás persoas responsables.**

A efectos desta Ordenanza, entenderase como persoas responsables ás persoas titulares ou no seu caso aos titulares do dereito de aproveitamento sobre os terreos urbanos, urbanizables delimitados e de núcleo rural, así como as administracións, as entidades ou as sociedades que teñan encomendada a competencia sobre a xestión, ou cedida esta en virtude dalgunha das formas previstas legalmente, das vías de comunicación e das liñas de transporte de enerxía eléctrica, sobre os tipos de solo referidos anteriormente.

Para a identificación das persoas responsables do cumprimento das obrigas da xestión da biomasa e retirada de árbores teranse en conta, en primeiro termo, os datos recentes de que dispoña o Concello de Ponteceso sobre o dereito de aproveitamento dos terreos, considerando como recentes os obtidos ou actualizados dentro dos doce meses inmediatamente anteriores. Na falta destes datos recentes, considerarase persoas responsables as que figuren como titulares dos terreos no Catastro inmobiliario. Se dúas ou máis persoas figurasen como titulares en común dun mesmo terreo, entenderase que o cumprimento das obrigas corresponderá a todas as persoas copropietarias solidariamente e as comunicación e requirimentos poderanse dirixirse a calquera delas mentres non designen válidamente a unha como representante de todas elas.

Se a titularidade do terreo non constara no Catastro inmobiliario, considerarase que a persoa responsable é descoñecida e notificarse por medio da publicación dun anuncio no Boletín Oficial do Estado e no Diario Oficial de Galicia, cos datos catastrais do terreo, computándose os correspondentes prazos dende o día seguinte ao da publicación do anuncio.

As notificacións das comunicación e requirimentos para recordar o cumprimento das obrigas legais realizarase segundo o establecido no artigo oitavo da Instrucción 1/2018, do 26 de abril, da Consellería de Medio Rural, relativas ás actuacións administrativas en materia de cumprimento das obrigas de xestión da biomasa vexetal e retirada de especies arbóreas (DOG núm. 87 do 7 de maio de 2018).

### **Artigo 5.- Definicións**

Aos efectos desta Ordenanza, defínense os seguintes termos:

Solo urbano: Terreos que o planeamento urbanístico, Plan Xeral de Ordenación Municipal de Ponteceso, tivera definido e clasificado como tal en virtude do disposto no artigo 16 da Lei 2/2016.

Núcleos rurais: Terreos que se incluían dentro dos núcleos rurais delimitados no planeamento municipal, de conformidade co disposto no artigo 23 da Lei 2/2016.

Solo urbanizable: Terreos que non tendo a condición de solo urbano, de núcleo rural nin de solo rústico o planeamento urbanístico tivese definido e clasificado como tal ao poder ser obxecto de transformación urbanística nos termos fixados no artigo 27 da antedita Lei 2/2016.



Tel.: 981 71 40 00

Fax: 981 71 50 28

E-mail:

CIF: P1506900H



concello@ponteceso.net

REL. : 01150682  
RELG.: MU 2000/15

## **CONCELLO DE PONTECESO**

Rúa Concello, 18  
15110 Ponteceso (A Coruña)

Xestión da biomasa: A creación e mantemento da discontinuidade horizontal e vertical da carga de combustible, a través do control ou eliminación parcial ou total da biomasa vexetal por medio do emprego das técnicas máis recomendadas e coa intensidade e frecuencia para o cumprimento do obxecto previsto nesta ordenanza.

Tendo en conta que os terreos situados en solo urbano, de núcleo rural ou urbanizable teñen unha natureza residencial ou habitacional, polo que os riscos para os bens e as persoas, por motivos de incendios de vexetación, deben minorarse drasticamente e primar a seguridade.

### **CAPÍTULO II. DA XESTIÓN DA BIOMASA**

#### **Artigo 6.- Xestión da Biomasa**

As persoas responsables terán a obriga de xestionar a biomasa das fincas incluídas en solo urbano, urbanizable ou de núcleo rural conforme aos criterios establecidos nesta Ordenanza, así como mantelas nas debidas condicións de seguridade e salubridade, debendo proceder a súa desinfección e desratización periódica.

#### **Artigo 7.- Criterios de Xestión da Biomasa e obrigas das persoas responsables.**

1- Consonte ao disposto na Lei 3/2007, de Prevención e Defensa contra os incendios Forestais de Galicia, as persoas responsables dos terreos ubicados en solo urbano, urbanizable ou núcleo rural deberán acometer os criterios de xestión da biomasa establecidos neste artigo para cada clase de terreo, en todo caso, antes do 31 de maio de cada ano.

2-Nos terreos clasificados como solo urbano, solo de núcleo rural e solo urbanizable as persoas responsables deberán facer a xestión da biomasa na totalidade da parcela conforme aos seguintes criterios:

- a) Roza para a eliminación do estrato herbáceo e arbustivo sempre que supoña un mínimo risco para a propagación dos incendios incontrolados de vexetación. A data é unha previsión conforme ao estipulado na Lei. En todo caso, o concello pode fixar unha data anterior se así o estima conveniente.
- b) Poda e rareo do estrato arbóreo de forma que se manteña unha discontinuidade horizontal entre as copas das árbores e vertical entre estas e os estratos herbáceo e arbustivo. Este criterio non será aplicable en parques e xardíns municipais, árbores senlleiras ou aquelas que cumpran funcións ornamentais ou se atopen illadas e non supoñan un mínimo risco para a propagación de incendios incontrolados de vexetación.

3- As persoas responsables dos terreos nos que exista biomasa terán as seguintes obrigas:

- a) Obriga de xestión da biomasa vexetal e de retirada de árbores das especies sinaladas na disposición adicional terceira da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, no ámbito das redes de faixas secundarias de xestión de biomasa, nunha franxa de 50 metros:

1º.- Perimetral ao solo urbano, de núcleo rural e urbanizable.

2º.- Arredor das edificacións, vivendas illadas, urbanizacións, depósitos de lixo, cámpings, gasoleiras e parques e instalacións industriais situados a menos de 400 metros do monte.

3º.- Arredor das edificacións illadas en sólo rústico situadas a máis de 400 metros do monte.

4º.- Na totalidade da superficie das infraestruturas de uso público ou áreas recreativas, así como nunha franxa perimetral de 50 metros.

- b) Obriga de xestión da biomasa vexetal, tanto o estrato arbustivo como subarbustivo, nos terreos colindantes coas vías e camiños forestais de titularidade municipal, nunha franxa de 2 metros dende a arista exterior da vía ou camiño.

Tel.: 981 71 40 00

Fax: 981 71 50 28

E-mail:

CIF: P1506900H



concello@ponteceso.net

REL. : 01150682  
RELG.: MU 2000/15

### **CONCELLO DE PONTECESO**

Rúa Concello, 18  
15110 Ponteceso (A Coruña)

- c) Obriga de xestión da biomasa vexetal e retirada de árbores das especies sinaladas na disposición adicional terceira da Lei 3/2007, do 9 de abril, nunha faixa perimetral de 50 metros arredor das novas instalacións destinadas a explotacións agrícolas, gandeiras e forestais e as vivendas vinculadas a estas, así como as novas urbanizacións e edificacións que afecten zonas de monte ou de influencia forestal, non teñan continuidade inmediata coa trama urbana e que sexan estremeiras con monte ou con zonas de influencia forestal.

As distancias mediranse desde o límite do solo urbano ou núcleo rural, de ser o caso. As distancias no caso de edificacións, vivendas illadas ou urbanizacións mediranse desde o seu paramento. No caso de depósitos de lixo, parques e instalacións industriais, mediranse desde o límite das instalacións. No caso de cámpings, gasolineras e industrias en que se desenvolvan actividades perigosas consonte o establecido na Lei 1/1995, do 2 de xaneiro, de protección ambiental de Galicia, e na súa normativa de desenvolvemento, as distancias para as especies sinaladas na disposición adicional terceira da lei 3/2007 serán de 50 metros, desde o límite das instalacións. No caso dos cámpings, esta distancia medirase desde o peche perimetral.

#### **Artigo 8.- Distribución de competencias de execución forzosa e sancionadoras.**

Corresponde ao Concello de Ponteceso a competencia de execución forzosa e sancionadora nos supostos de incumprimento da xestión da biomasa vexetal e de retirada das especies arbóreas nas redes de faixas secundarias de xestión de biomasa e arredor das novas instalacións, urbanizacións e edificacións, sempre que se atopen en solo urbano, urbanizable ou de núcleo rural.

Corresponderalle á Comunidade Autónoma a competencia nos demais casos.

Nos supostos de incumprimento das obrigas en solo rústico da xestión da biomasa e de retirada de especies arbóreas nas redes de faixas secundarias de xestión de biomasa arredor das novas instalacións, urbanizacións e edificacións, a competencia sobre a execución forzosa corresponde aos concellos e a sancionadora á Administración Xeral da Comunidade Autónoma. O Concello de Ponteceso porá en coñecemento da Xefatura Territorial da Consellería de Medio Rural todas as comunicacións que envíe en solo rústico ás persoas responsables para recordarlles o cumprimento das devanditas obrigas.

#### **Artigo 9.- Execución subsidiaria.-**

Se as persoas responsables non realizasen os traballos de xestión da biomasa nos prazos fixados polo Concello para o cumprimento voluntario, este poderá levar adiante os mesmos, logo do previo apercibimento en forma e sen prexuízo da imposición, previo a tramitación do oportuno expediente, das sancións procedentes. Os custos derivados deses traballos serán repercutidos, se é o caso, as persoas responsables, procedendo, de ser o caso, ao cobro dos gastos que se ocasionen ao Concello a través do procedemento de apremio.

As actuacións administrativas a desenvolver, serán as establecidas no artigo Décimo da Instrución 1/2018, do 26 de abril, da Consellería de Medio Rural, relativas ás actuacións administrativas en materia de cumprimento das obrigas de xestión da biomasa vexetal e retirada de especies arbóreas (DOG núm. 87 do 7 de maio de 2018).

Rematados os traballos de execución subsidiaria, procederase á liquidación definitiva dos custos dos mesmos.

Para calquera aspecto non previsto en relación á execución subsidiaria estarase ao disposto nos artigos 97 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas e na devandita Instrución 1/2018, do 26 de abril.

### **CAPÍTULO III. DAS DISTANCIAS DAS PLANTACIÓNS**

#### **Artigo 10.- Prohibicións e Distancias das repoboacións forestais e plantacións.**

- 1- De conformidade co disposto na Lei 7/2012, de Montes, quedan prohibidas as repoboacións forestais nos terreos clasificados como solo urbano, urbanizable e de núcleo rural.
- 2- No seu caso as repoboacións forestais preexistentes antes da entrada en vigor da lei de montes, deberán adecuarse para gardar, respecto das edificacións, vivendas illadas, pozos, e instalacións industriais, a distancia mínima de 15



### **CONCELLO DE PONTECESO**

Rúa Concello, 18  
15110 Ponteceso (A Coruña)

metros cando se trate de especies frondosas (Anexo II desta Ordenanza), e de 30 metros no resto de especies, tal e como establece a lei 7/2012 de montes de Galicia.

- 3- Nos supostos de plantacións de árbores frutais, setos ou árbores ornamentais as distancias serán as fixadas na correspondente ordenanza urbanística deste Concello, e de non existir serán as fixadas pola normativa que resulte de aplicación.

#### **Artigo 11.- Licenzas e permisos para talas**

1. As talas e os abatementos de árbores que constituían masa arbórea, espazo boscoso, arboreda ou parque en solo urbano, núcleo rural e urbanizable estarán suxeitas á obtención da previa licenza municipal.
2. Así mesmo segundo o establecido na disposición transitoria 5ª da lei 7/2012 de montes, o aproveitamento das masas forestais existentes no momento da entrada en vigor da lei 7/2012 en solos urbanizables estará sometido á o réxime de autorizacións da citada lei ata o desenvolvemento urbanístico dos citados solos, momento en que precisarán da licenza municipal descrita no punto 1 deste artigo.

### **CAPÍTULO IV: RÉXIME SANCIONADOR**

#### **Artigo 12.- A competencia**

Corresponde ao Concello de Ponteceso a través da alcaldía ou concelleiro no que delegue, a inspección e sanción das infraccións, previa a instrución do correspondente expediente, das obrigas reguladas nesta Ordenanza.

Cando se detecten infraccións de índole penal ou de competencia doutras Administracións darase conta inmediata das mesmas a autoridade ou organismo que corresponda.

O procedemento sancionador instruírase de conformidade co establecido nas Leis 39/2015 e 40/2015, do 1 de outubro, respectivamente Lei do Procedemento administrativo común das Administracións Públicas e Lei do Réxime Xurídico das Administracións Públicas, e artigos 139 e seguintes da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

#### **Artigo 13.- Clasificación das infraccións**

Considéranse infraccións administrativas en relación coas materias as que se refire esta Ordenanza, os actos u omisións que contraveñan o establecido nas normas que integran o seu contido. As infraccións clasificaranse en leves, graves e moi graves.

#### **Artigo 14.- Infraccións leves**

- a) Constitúe infracción leve as condutas constitutivas de infracción reguladas nesta ordenanza cando non deban cualificarse como graves ou moi graves.
- b) Non proceder á xestión da biomasa cos criterios regulados nesta Ordenanza.

#### **Artigo 15.- Infraccións graves**

- a) Non proceder á xestión da biomasa cos criterios establecidos nesta Ordenanza, unha vez notificada a súa obriga e despois de serlle notificada a valoración do custo das mesmas, cando exista risco inminente de incendio para as vivendas e persoas.
- b) Non permitir o acceso ao persoal de vixilancia a inspección dos terreos.
- c) A negativa a subministrar información á autoridade municipal, funcionarios e axentes en cumprimento das súas funcións.
- d) A realización de plantacións sen gardar as distancias establecidas na presente ordenanza.
- e) A realización de plantacións nos lugares expresamente prohibidos na presente ordenanza.
- f) A reincidencia en infraccións leves. Enténdese que existe reincidencia pola comisión no termo dun ano dunha infracción leve, cando así fose declarado por resolución firme.

#### **Artigo 16.- Infraccións moi graves**

Tel.: 981 71 40 00

Fax: 981 71 50 28

E-mail:



concello@ponteceso.net

CIF: P1506900H

REL. : 01150682  
RELG.: MU 2000/15

## **CONCELLO DE PONTECESO**

Rúa Concello, 18  
15110 Ponteceso (A Coruña)

- a) Cando houberse grave repercusión nos recursos naturais.
- b) A reincidencia en infraccións graves. Enténdese que existe reincidencia pola comisión no termo dun ano dunha infracción grave, cando así fose declarado por resolución firme.
- c) A resistencia, coacción ou ameaza a autoridade municipal, funcionarios e axentes.

### **Artigo 17.- Sancións**

1. As sancións aplicables serán as seguintes:

- a) Por infraccións leves, multa dende 100 a 600 euros.
- b) Por infraccións graves, multa dende 601 a 1.500 euros.
- c) Por infraccións moi graves, multa de 1.501 a 3.000 euros.

2. As sancións graduaranse en función dos seguintes criterios:

- a) Grado de intencionalidade.
- b) Contía do beneficio obtido.
- c) Natureza dos prexuízos causados.

### **Disposición Adicional**

Como Anexo I a esta Ordenanza inclúese a relación de especies non permitidas nas redes secundarias de xestión de biomasa, recollidas da disposición adicional 3ª da lei 3/2007 de prevención e defensa contra os incendios forestais e como Anexo II a relación de especies de frondosas, recollidas do anexo I da lei 7/2012, de montes de Galicia.

### **ANEXO I. Relación de especies non permitidas nas redes secundarias de xestión da biomasa**

Piñeiro do país, piñeiro silvestre, piñeiro de Monterrey, piñeiro de Oregón, mimosa, acacia negra, eucalipto, queiruga, carqueixa, xesta, carpaza, piorno, fento, silva e toxo.

### **ANEXO II. Relación de especies de frondosas**

Ameneiro, pradairo, bidueiro, freixo, castiñeiro, cerdeira, carballo, cerquiño, sobreira, carballo albar, aciñeira, abeleira, faia, umeiro, loureiro, sorbeira do monte, capudre, nogueira e érbedo.

### **Disposición Transitoria**

As plantacións forestais existentes á entrada en vigor da presente Ordenanza que, como consecuencia da súa aplicación, atopáranse a unha distancia menor a regulada no seu artigo 7, disporán dun período máximo de dous anos para adaptarse a citada disposición, agás autorización do órgano competente da Xunta de Galicia en materia forestal.

### **Disposición Derrogatoria**

Queda, derogadas todas as disposicións municipais que contraveñan o disposto na presente Ordenanza.

### **Disposición derradeira**

En cumprimento do disposto no artigo 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, a presente ordenanza entrará en vigor unha vez que se publique o seu texto integramente no Boletín Oficial da Provincia e transcorra o prazo de quince días hábiles previsto no artigo 65.2 do citado texto legal.

Ponteceso, 11 de maio de 2018